



CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECCIÓN 12

I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 136/2019, do 10 de outubro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade para dar cumprimento ás súas funcións. No artigo 2 de dito decreto recóllese a estrutura xeral da consellería que, para o cumprimento das súas funcións, contará cos seguintes órganos:

1. Órganos centrais:
 - a) A persoa titular da Consellería.
 - b) A Secretaría Xeral Técnica.
 - c) A Dirección Xeral de Saúde Pública.
2. Órganos colexiados:
 - a) O Consello Galego de Saúde e o Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.
 - b) O Consello de dirección da Consellería de Sanidade.
3. Órganos periféricos:
 - a) As xefaturas Territoriais.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, está adscrito á Consellería de Sanidade e, para o desenvolvemento das súas competencias, de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, estrutúrase nos seguintes órganos:

1. Órganos centrais de dirección:
 - a) Órganos colexiados:
 - i. Consello de Dirección.
 - ii. Comité Executivo.
 - b) Órganos unipersoais:
 - i. A Presidencia.
 - ii. A Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
 - iii. A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
 - iv. A Dirección Xeral de Recursos Económicos.
 - v. A Dirección Xeral de Recursos Humanos.
2. Órganos de coordinación e asesoramento do Servizo Galego de Saúde:

- a) Consello Asesor de Pacientes.
3. Órganos periféricos de dirección:
 - a) Xerencias das áreas sanitarias.
 - b) Direccións dos distritos sanitarios.

Estes órganos periféricos rexeranse pola súa normativa específica.

O Decreto 134/2019, do 10 de outubro, regula as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de Galicia como estruturas organizativas sen personalidade xurídica integradas na estrutura periférica do Servizo Galego de Saúde que xestionan, con autonomía funcional e de forma integrada, a xestión de centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, no seu respectivo ámbito territorial.

Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias que constitúen o marco de referencia para a coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

Na actualidade, as áreas sanitarias recollidas no decreto 134/2019 son as seguintes:

- ANEXO I. Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.
- ANEXO II. Área Sanitaria de A Coruña e Cee.
- ANEXO III. Área Sanitaria de Ferrol.
- ANEXO IV. Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- ANEXO V. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- ANEXO VI. Área Sanitaria de Vigo.
- ANEXO VII. Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

As estruturas de xestión integrada están formadas por órganos unipersoais e órganos colexiados.

1. Órganos unipersoais:
 - a) Xerencia da área sanitaria.
 - b) Dirección asistencial.
 - c) Dirección de recursos económicos.
 - d) Dirección de recursos humanos.
 - e) Dirección do distrito sanitario.
2. Órganos Colexiados:
 - a) Consello de dirección da Área.
 - b) Comisión de dirección.
 - c) Consello de saúde pública.

- d) Consello de saúde do distrito.
 - e) Comisión de atención primaria da área.
3. Outros órganos colexiados:
- a) O Consello asesor de pacientes da área.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Sanidade é o órgano da administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio da competencia da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias e medidas especiais que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade deban adoptarse en materia de saúde pública.

I. Competencias da persoa titular da consellería:

É a responsable da superior dirección e control do departamento e da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Tamén exerce a presidencia do Servizo Galego de Saúde, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

2. Competencias da Secretaría Xeral Técnica:

A Secretaría Xeral Técnica exerce as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en relación con todas as unidades e servizos dependentes da consellería e a inspección dos servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, sen prexuízo das funcións que se lles atribúan a outros órganos das diferentes consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén lle corresponde:

- Con respecto aos sistemas e tecnoloxías da información e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías de infor-

mación e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos das consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou a outras entidades instrumentais. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade poderá definir e articular as comisións técnicas necesarias para o desenvolvemento do citado sistema de información.

- A inspección que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolvan esta función dependerán organicamente da xefatura territorial que corresponda e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.
- A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas, e a iniciación dos procedementos disciplinarios e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería de Facenda e Administración Pública.
- A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas, a iniciación dos procedementos disciplinarios e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da consellería, do Servizo Galego de Saúde, da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, sen prexuízo das competencias atribuídas á consellería competente en materia de función pública.
- A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas a centros, servizos e establecementos sanitarios e aos establecementos onde se fabriquen, distribúan ou dispensen medicamentos e produtos sanitarios.
- A iniciación e resolución dos procedementos sancionadores aos centros, servizos e establecementos sanitarios, incluídas as entidades de distribución de medicamentos e produtos sanitarios e os laboratorios farmacéuticos dentro do seu ámbito de competencias.
- O exercicio das funcións e competencias que lle son atribuídas en materia de oficinas de farmacia e a emisión das certificacións de cumprimento das normas de boas prácticas de fabricación e de distribución de medicamentos.
- A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega, así como as funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a consellería con outras administracións públicas e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- A coordinación da biblioteca virtual "Bibliosaúde" do sistema público de saúde de Galicia, para o cal contará co apoio da Comisión Técnica Asesora de Bibliosaúde.
- A coordinación das actuacións relacionadas coa planificación, ordenación, aseguramento sanitario e o sistema de información poboacional do sistema sanitario público de Galicia, sendo competente para resolver as solicitudes de incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos á súa carteira de servizos, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras entidades.

- A autorización, modificación, revogación e peche de biobancos.
- Aquelas competencias que lle atribúa a normativa en vigor e o exercicio das funcións que lle sexan singular ou especificamente encomendadas ou delegadas pola persoa titular da consellería, nos termos previstos na correspondente orde de delegación.

3. Competencias da Dirección Xeral de Saúde Pública:

É o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

A súa misión é a mellora da saúde da poboación galega dende unha perspectiva comunitaria. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente. Así mesmo, levará a cabo a avaliación do sistema sanitario e a abordaxe da protección radiolóxica, así como exercer a Secretaría da Comisión Galega de Laboratorios e exercer o control oficial naqueles que realicen análises relacionados coa seguridade alimentaria e a sanidade ambiental.

Corresponde a esta dirección xeral, no marco da actuación sanitaria, o desenvolvemento das actividades como autoridade competente en materia de saúde pública e exercer a potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, poderá acordar o inicio, de oficio, de expedientes sancionadores en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental, alcohol, produtos cosméticos e de coidado persoal, tabaco ou outras comprendidas no seu ámbito de actuación.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Saúde Pública emitirá o informe vinculante a que fai referencia o artigo 4 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e rexerese polo establecido na Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

I. Competencias do Consello de Dirección:

- Definir os posicionamentos, orientacións e liñas de actuación de carácter estratéxico do Servizo Galego de Saúde, de acordo cos criterios emanados da consellería competente en materia de sanidade.
- Definir as políticas de financiamento e orzamentos do Servizo Galego de Saúde de acordo cos criterios emanados da consellería competente en materia de sanidade.
- Coñecer do informe sobre o anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde e elevalo á consellería competente en materia de sanidade.
- Definir as políticas de recursos humanos, os proxectos de carácter estratéxico e o cadro de mando de alta dirección do organismo.
- Elaborar todos aqueles informes, en materia da súa competencia, que lle sexan solicitados pola consellería competente en materia de sanidade.
- Definir o acordo de xestión anual entre os servizos centrais e as áreas sanitarias.
- Realizar o seguimento dos acordos de xestión.
- Realizar avaliacións periódicas e o seguimento dos obxectivos, programas e procesos pactados.
- Cantas outras deriven da normativa vixente e lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

2. Competencias do Comité Executivo:

- Efectuar o seguimento e acordar actuacións nas políticas e estratexias do Servizo Galego de Saúde.
- Realizar o seguimento e acordar actuacións nas políticas de investimentos e recursos humanos.
- Definir actuacións nas políticas de financiamento e orzamentaria e realizar o seu seguimento.
- Acordar as actuacións nos proxectos conforme as estratexias definidas e realizar o control e seguimento deles.
- Efectuar o seguimento e acordar actuacións nos programas e procesos a desenvolver.
- Realizar as reorientacións do cadro de mando sobre os resultados obtidos, no seu caso, e controlar o seu seguimento.
- A resolución de incidencias no seu ámbito.

3. Competencias da presidencia:

A persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade, como autoridade superior, é a máxima responsable da consellería, e ademais preside o Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- A representación legal do organismo.
- Asinar os convenios en nome do organismo e actuar como órgano de contratación.
- Aprobar os plans de obras, instalacións e equipamentos centralizados do Servizo Galego de Saúde.
- O exercicio da xefatura superior do persoal adscrito ao organismo.
- A disposición dos gastos e a proposta da ordenación dos pagamentos do organismo.

4. Competencias da Xerencia do Servizo Galego de Saúde:

A Xerencia do Servizo Galego de Saúde, que terá a consideración de alto cargo e rango de secretaría xeral, é o órgano responsable dos servizos de asistencia sanitaria e ten, baixo a dependencia da persoa titular da consellería de adscrición, a dirección e control do Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

- A dirección, avaliación e control de todas as actividades do organismo autónomo relacionadas coas funcións encomendadas a este polas disposicións legais que o rexen, sen prexuízo das facultades e competencias do Consello de Dirección e da consellería competente en materia de sanidade.
- Dar conta ao Consello de Dirección do anteproxecto de orzamentos do organismo.
- A execución dos acordos do Consello de Dirección.
- A xestión do patrimonio do organismo.
- A xestión económica e do persoal do organismo.
- A presentación ao Consello de Dirección da memoria anual de actividades do organismo.
- A resolución dos conflitos de atribucións que xurdan entre as autoridades dependentes do organismo.

5. Competencias da Dirección de Asistencia Sanitaria:

É o órgano responsable da coordinación asistencial das áreas sanitarias e dos centros e servizos de financiamento público. Correspóndenlle as seguintes funcións:

- A definición de programas e obxectivos asistenciais das entidades, organismos, estruturas e centros sanitarios, no marco da planificación sanitaria elaborada pola Consellería de Sanidade e especialmente da Estratexia Sergas 2020 e do Plan de saúde da Consellería de Sanidade.
- A coordinación, control e avaliación da actividade asistencial e a xestión das demoras na atención sanitaria nas áreas sanitarias.
- A ordenación, planificación e innovación estratéxica dos recursos asistenciais; o desenvolvemento e coordinación da política autonómica en relación coa prestación farmacéutica.

- O desenvolvemento da función de compra de servizos sanitarios e sociosanitarios, a determinación e avaliación de obxectivos de carácter asistencial que deben cumprir os centros a través das fórmulas que en cada momento se determinen e aquelas outras funcións relacionadas e necesarias para conseguir estes obxectivos.
- O establecemento das directrices de carácter xeral e o seguimento das actividades asistenciais desenvolvidas polas áreas sanitarias, organismos e centros do sistema público de saúde de Galicia mediante a subscrición dos oportunos acordos de xestión.
- A análise das necesidades de concertación de centros e servizos, así como a proposta de subscrición dos correspondentes concertos e o seu seguimento e control.
- A promoción da integración e a coordinación de todos os dispositivos e recursos, fomentando as actuacións multidisciplinares dos diferentes ámbitos ou niveis, para garantir a continuidade asistencial.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, calidade e a súa mellora continua.
- A actualización e transformación organizativa e funcional dos centros e áreas sanitarias de cara a mellorar os niveis de efectividade, calidade, seguridade e eficiencia.

6. Competencias da Dirección de Recursos Económicos:

É o órgano encargado, con carácter xeral, da dirección económica e financeira e da planificación, execución e control dos programas de investimentos de obras, instalacións, servizos e subministracións e da coordinación da xestión económico-administrativa, de compras, loxística e de servizos xerais dos centros do organismo. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- A elaboración e redacción do anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde, o establecemento das bases e directrices da súa xestión económica, así como levar a cabo as actuacións de control e avaliación da xestión económica e orzamentaria dos seus centros de gasto.
- A tramitación das modificacións orzamentarias e dos expedientes de gasto que non fosen obxecto de delegación noutros órganos.
- Os actos de execución da xestión do patrimonio do organismo.
- A planificación, execución e control dos programas de investimentos relativos a obras, instalacións e equipamentos dos centros asistenciais, en coordinación coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- A xestión contractual e económico-administrativa da actividade desenvolvida polos órganos centrais do organismo e da asistencia sanitaria prestada con medios alleos.
- A coordinación dos servizos económico-administrativos, de contratación, de aprovisionamento, hoteleiros, de mantemento técnico e loxística en xeral dos centros do organismo.

- A declaración de uniformidade dos bens e servizos de adquisición centralizada do organismo e a coordinación e potenciación dos sistemas de información económica.

7. Competencias da Dirección de Recursos Humanos:

É o órgano encargado de deseñar e executar a política de persoal do organismo. Correspóndelle a xestión de todos os colectivos que se integran no Servizo Galego de Saúde, e para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

- A convocatoria e execución dos procesos de selección e provisión de postos de traballo do persoal estatutario, así como dos procesos de selección do persoal sanitario incluído no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.
- A proposta, tramitación e ordenación de gastos e pagamentos referentes ás retribucións do persoal de centros de gasto do organismo que non posúan esta atribución, así como a aprobación dos expedientes de modificación do persoal dos centros sanitarios, de conformidade co previsto para os efectos pola Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- O deseño e xestión do sistema de desenvolvemento profesional, conforme ás directrices marcadas pola Consellería de Sanidade.
- A colaboración na redacción do plan anual de formación do persoal do organismo autónomo.
- As funcións de impulso, participación cos órganos de representación de persoal, particularmente nas mesas sectoriais de negociación, a elaboración e tramitación de proxectos de pactos e acordos e a coordinación en materia de prevención de riscos laborais do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- Elaboración e modificación, no seu caso, dos plans de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde e a súa elevación ao Consello de Dirección para a súa aprobación.
- Desenvolvemento, xestión e seguimento do expediente profesional electrónico dos/das profesionais do Sistema público de saúde de Galicia.
- Calquera outra que lle poida corresponder de acordo coa normativa vixente, ou que poida serlle asignada.

8. Consello Asesor de Pacientes:

Creado por Orde do 22 de agosto de 2011, é un órgano de asesoramento do Servizo Galego de Saúde, adscrito á Xerencia do organismo autónomo, que ten como finalidade avanzar na mellora da seguridade dos/das pacientes, familiares e persoal coidador, actuando coma unha estrutura que sirva para incrementar a calidade dos servizos sanitarios, fomentando os niveis

de participación e facilitando aos pacientes a información necesaria para a toma de decisións e calquera outra de interese.

9. Competencias das áreas sanitarias:

- Elaborar o plan estratéxico dentro do seu ámbito e establecer os obxectivos dos servizos integrados e a súa avaliación, de acordo coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Xestionar todos os recursos sanitarios da respectiva área sanitaria para garantir a prestación dos servizos definidos na carteira de servizos.
- Propoñerlle á Xerencia do Servizo Galego de Saúde a subscrición e resolución dos contratos de servizos sanitarios necesarios para cubrir a demanda asistencial no seu ámbito.
- Instruír e resolver os procedementos de reclamacións, suxestións e agradecementos.
- Programar, dirixir e controlar a execución da actividade, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles e a coordinación das súas unidades.
- Organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros no seu ámbito.
- Xestionar os plans de calidade, seguridade e atención ao/á paciente.
- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a transferencia de coñecemento do ámbito sanitario.
- Supervisar a actividade docente que se realice nos centros da súa competencia, así como potenciar a participación social e da cidadanía mellorando os canais de información, propoñendo accións de formación á cidadanía.

10. Direccións dos distritos sanitarios:

A dirección dos distritos sanitarios será a responsable da execución das directrices e proxectos establecidos para o seu ámbito e xestionará a demanda asistencial tanto de atención primaria, como hospitalaria, como socio sanitaria do distrito sanitario, baixo a coordinación da dirección asistencial da xerencia da área. Tamén terá entre as súas atribucións a instrución en tempo e forma das reclamacións e queixas e a coordinación da actividade docente que se realice nos centros da súa competencia, incluída a formación especializada, conforme ás acreditacións, concertos convenios establecidos ou que se establezan, sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes axencias públicas:

- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, creada mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, para a xestión da docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

- Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos, creada mediante o Decreto 142/2015, do 17 de setembro. A creación da axencia responde á necesidade de acadar a coordinación, aumentar a eficacia e a eficiencia nas distintas actividades que se agrupan e que responden aos seguintes fins xerais:
- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes.
- Coordinar a doazón, os transplantes de órganos e o implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.

1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Figura adscrita á Consellería de Sanidade a seguinte sociedade mercantil:

GALARIA S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., creada en virtude do Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A, creado polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, coa finalidade de adaptar a denominación e o obxecto social do citado instituto ás novas finalidades e necesidades públicas detectadas.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no campo sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Coa entrada en vigor do Decreto 88/2015, do 25 de xuño, intégranse no Servizo Galego de Saúde as unidades de cirurxía cardíaca e cardioloxía intervencionista, que dependían de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes fundacións públicas:

- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.
- Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-06 I.
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A meta da Consellería de Sanidade é desenvolver unha política sanitaria que garanta unha cobertura sanitaria integral que incida na mellora da saúde da poboación galega, aumentando no posible a esperanza de vida e, particularmente, os anos de vida saudables.

Para lograr o desenvolvemento deste obxectivo no ano 2021 a consellería conta con varios plans de actuacións en vixencia que cómpre desenvolver: nomeadamente o Plan galego de atención primaria 2019-2021, a Estratexia galega para a atención de persoas en situación de cronicidade, a Estratexia de humanización da asistencia sanitaria, o Plan galego de hospitalización a domicilio: Estratexia HADO 2019-2023 e o Plan de saúde mental de Galicia PosCovid 2020-2024.

Porén, a situación sanitaria derivada da pandemia da COVID-19 muda fundamente o escenario de xestión do sistema público de sanidade de Galicia. O reto esixe combinar o cumprimento dos compromisos fixados na devandita planificación coa abordaxe dos novos retos que a pandemia propiciará na política sanitaria.

O remate a finais do exercicio do 2020 da vixencia da Estratexia Sergas 2020 representa unha oportunidade para a elaboración dun novo documento reitor da política sanitaria galega. Se algo ten deixado claro a situación provocada pola pandemia é que a integración dos obxectivos entre as áreas de promoción da saúde pública, asistencia sanitaria e investigación e innovación en saúde necesita ser cada vez maior, marcando uns obxectivos comúns que guíen as distintas facetas da política sanitaria e que dirixan os recursos económicos e humanos á consecución dos mesmos.

Nese sentido, o primeiro reto da consellería será abordar a elaboración dun novo documento reitor integral, participado e que recolla as recomendacións que sobre política sanitaria formule o ditame da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 creada no Parlamento de Galicia.

As prioridades de actuación da Consellería de Sanidade para o ano 2021 e, en consecuencia, as súas liñas orzamentarias deben dirixirse fundamentalmente a abordar os efectos inmediatos da pandemia sobre o noso sistema sanitario e a reforzar os recursos específicos para proporcionar uns servizos públicos da maior calidade posible tanto na detección do virus e prevención da súa propagación como na asistencia sanitaria proporcionada aos doentes do mesmo, contando cos recursos necesarios para dar resposta ás posibles contingencias.

Desde a irrupción do virus en Galicia, a Consellería de Sanidade puxo en marcha tanto reforzos de recursos humanos como de material a través dun stock estratéxico, así como novos instrumentos tales como a Central de Seguimento de Contactos, o Rexistro de Viaxeiros, o covid-Auto ou melloras significativas nas infraestruturas de microbioloxía. Os orzamentos para o

ano 2021 deben dar cobertura a todos estes novos recursos así como a futuras innovacións na xestión da pandemia.

Por outra banda, é requirimento esencial tamén destes orzamentos dotar os recursos suficientes para a atención dos restantes programas tanto de promoción da saúde como asistenciais máis aló da COVID-19, garantindo a calidade da asistencia sanitaria ás restantes patoloxías e dos programas de protección colectiva da saúde ante os demais riscos sanitarios.

Para iso é preciso, como requisito básico, seguir mantendo un forte aseguramento sanitario público, cuxo acceso se acredita a través da tarxeta sanitaria e outros documentos identificativos, e que se sustenta nunha base de datos na que está a cidadanía con dereito a asistencia en desenvolvemento da normativa comunitaria, estatal e autonómica. Tamén manter o despregamento da receita electrónica en todos os centros sanitarios e oficinas de farmacia e a súa total interoperabilidade en todo o territorio nacional.

Desenvolveranse as seguintes liñas no ámbito da Saúde Pública, de promoción e prevención da saúde:

- O programa de vacinacións para o 2021 incorporará a vacina fronte á COVID-19, unha vez que estea aprobada pola Agencia Española del Medicamento y Productos Sanitarios, coas debidas garantías de seguridade e eficacia e priorizando os grupos de poboación que así se decida dentro do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Establecerá un sistema específico de rexistro da aplicación desta nova vacina para poder, nun futuro próximo, avaliar a súa seguridade e efectividade na poboación de Galicia e poder tamén comparar as diferentes vacinas entre si, se é o caso.
- Así mesmo, continuará impulsando e consolidando os cambios recentes, especialmente no referido a vacinación contra a enfermidade meningocócica, coa introdución da vacina tetravalente aos 12 anos, coa que se vacinará aos nados no 2007 e 2008, e ademais vacinarase a tres cohortes de adolescentes (nados de 2001 a 2003).
- Introducirase a vacinación fronte ao Rotavirus en nenos prematuros, seguindo as recomendacións do relatorio de rexistros e programas de vacinación do Consello Interterritorial.
- Ademais, seguirá apostando por mellorar a vacinación do adulto, co uso das mellores vacinas antigripais dispoñibles, para mellorar as coberturas acadadas, a potenciación do uso da vacina VPH nos novos grupos recomendados como son os menores de 45 anos homes e mulleres VIH positivos ou HSH.
- Fomentarase un estilo de vida saudable tendo en conta os determinantes sociais da saúde, traballando cun enfoque centrado na saúde en todas as políticas e prestando especial atención nos grupos de poboación que presentan maior vulnerabilidade como a infancia, a vellez e as persoas en risco de exclusión social.
- Continuarase o proceso de mellora continua dos programas de cribado poboacionais. O cribado de cancro colorrectal acadou unha cobertura do 100% da poboación de

Galicia e o obxectivo actual é mellorar a participación. No ano 2021 seguirase coa pilotoaxe do programa de cancro de cérvix uterino e avaliaranse as necesidades para a súa implantación en todo o territorio galego.

- Manteranse os Programas de prevención e control de VIH – ITS e Tuberculose, aumentando os orzamentos para as subvencións ás ONGs que traballan no ámbito das ITS.
- Reforzarase a rede de vixilancia de vectores, especialmente centrada en mosquitos e carrachas: a situación epidemiolóxica en relación coas novas enfermidades emerxentes transmisibles (dengue, chikunguya, zika, infección polo virus do Nilo occidental, febre hemorráxica Crimea – Congo, enfermidade de Lyme, etc...) fan necesario o reforzo do sistema de vixilancia centrado nos seus vectores.
- Potenciarase o traballo do Rexistro Galego de Tumores, aumentando a súa capacidade de codificación.
- Manterase a vixilancia e control sanitario dos riscos de orixe ambiental (tanto aqueles transmitidos a través das augas de consumo público, das instalacións de risco de lexiotona, dos alimentos, etc., como os derivados do uso de biocidas e sustancias químicas, de determinados servizos como os centros de bronceado, de tatuaxe, etc.), mantendo e actualizando as estratexias actuais de control oficial no eido da sanidade ambiental e da seguridade alimentaria e potenciando o importante papel que desenvolve o laboratorio de Saúde Pública de Galicia no apoio a ditas estratexias.
- Mellorarase o sistema de vixilancia de alérxenos polínicos en suspensión a través da rede galega de aerobioloxía.
- Impulsarase a prevención das adicións na mocidade, renovando a normativa vixente en materia de prevención do consumo de alcohol en menores de idade e incorporando lexislación específica sobre a prevención de consumo de tabaco neste mesmo colectivo. Ao tempo, manteranse os restantes programas de prevención de trastornos aditivos, actualizándoos para abordar tamén as condutas aditivas relacionadas cos videoxogos ou o xogo e as apostas por internet.
- Respecto ao Plan de control oficial (inspección, auditorías e toma de mostras e análise) que desenvolve a Dirección Xeral de Saúde Pública en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, continúaase a executar centrado na planificación, xestión e difusión da información das actividades de control oficial en materia de seguridade alimentaria, no marco do Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria e do Plan de control oficial en materia de sanidade ambiental, así como a coordinación e seguimento das actuacións no marco das redes de alerta alimentaria e ambiental (sustancias químicas, calidade do aire, etc.) e da implantación da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública.
- Promoveranse as actividades de laboratorio de saúde pública que dean soporte aos programas de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, debendo emitir os resultados obtidos mediante métodos acreditados.
- No ámbito da pandemia pola COVID-19, manterase o sistema actual de vixilancia epidemiolóxica e control de brotes, reforzando as estratexias de detección precoz de

casos positivos, o seu illamento e a identificación dos contactos estreitos e a súa corentena. Reforzarase a capacidade da Comunidade Autónoma para vixiar e controlar os gromos que se van detectando, establecendo as medidas adecuadas co asesoramento do Comité Clínico que, tras a análise dos datos aportados pola vixilancia epidemiolóxica de saúde pública se determinen como necesarias, idóneas, oportunas e proporcionadas á situación concreta de cada momento e zona xeográfica. Manterase a contratación da Central de Seguimento de Contactos como ferramenta fundamental para este control de brotes, dimensionando adecuadamente os seus recursos e adaptándoos á situación epidemiolóxica de cada momento.

- Así mesmo, a Consellería de Sanidade desenvolverá a oferta de emprego público de persoal funcionario sanitario aprobada en 2020, cun total de 12 prazas, que reforzará áreas prioritarias como a inspección sanitaria e a saúde pública. A oferta concrétese nas clases de inspector médico, farmacéutico inspector de saúde pública, licenciado en medicina e cirurxía, licenciado en farmacia e licenciado en ciencias biolóxicas. Esta oferta representa o 100 por cento da taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE:

O ano 2021 no Servizo Galego de Saúde virá marcado principalmente pola COVID-19, unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (severe acute respiratory syndrome coronavirus 2), un coronavirus que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo do ano 2020.

Esta enfermidade está provocando no mundo unha crise sen precedentes onde os Servizos Públicos de Saúde xogan un piaar básico na atención sanitaria desta enfermidade. O obxectivo para o ano 2021 é atender máis e mellor esta enfermidade mantendo a calidade dos servizos e recursos asistenciais clínicos, tanto de atención primaria como da atención hospitalaria, incluídos os cirúrxicos, para mellorar a saúde da poboación galega.

Neste contexto, o Sergas seguirá apostando por un claro compromiso cos dereitos de toda a cidadanía, co compromiso de manter as garantías reflectidas na Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias que serán un piaar básico. Manter estas prestacións e seguir aumentando o número de persoas beneficiarias destes dereitos seguirán a ser unha esixencia irrenunciable, así como, as instrucións previas, a libre elección (médico de familia, pediatra, profesional de enfermería, hospital ou complexo hospitalario), o dereito a segunda opinión médica e a garantía de tempos máximos de acceso a atención sanitaria no ámbito hospitalario (en cirurxía, en consultas e probas).

Nesta abordaxe complementaria da xestión da pandemia e das dificultades que a pandemia introduce para a xestión do resto da actividade sanitaria será máis importante que nunca que o novo camiño que emprenda o Sergas o faga acompañado do consello e experiencia dos pacientes, incorporando a súa voz e visión para convertelos realmente no centro do sistema. Continuando o modelo de interlocución exitosa do Consello Asesor de Pacientes creado no ano 2011, no primeiro trimestre do ano 2019 completouse a constitución dos sete consellos asesores de pacientes de área previstos na modificación de Lei de saúde de Galicia efectuada no ano 2018, dando cumprimento ao compromiso de maior participación social no ámbito sanitario e permitindo unha representación máis próxima e efectiva.

Tamén é relevante o papel que neste período de pandemia pode ter a Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Esta iniciativa leva desde novembro de 2009 funcionando como unha rede de xestión de coñecemento entre profesionais, pacientes, cidadáns, xestores sanitarios e expertos en procesos de saúde e de enfermidade. A súa labor de difusión de coñecemento en saúde durante unha etapa de incerteza sanitaria e con riscos de desinformación debe ser reforzada e potenciada para transmitir seguridade á cidadanía sobre os riscos sanitarios e os protocolos axeitados para evitalos.

Do mesmo xeito, a implantación da Estratexia de humanización da asistencia sanitaria é un reto transversal de mellora da atención das necesidades do paciente que implica, desde protocolizar a abordaxe da dor aguda no hospital con procedementos específicos para o manexo da dor infantil ata o deseño dun novo modelo de vestimenta para as persoas hospitalizadas que compatibilice a funcionalidade cunha maior comodidade e respecto á intimidade do doente.

Afondarase no papel da sanidade pública como axente detector e preventivo das situacións de violencia de xénero. Unha vez publicado no ano 2016 o documento, 'Violencia de xénero: procedemento de intervención en saúde', incorporárase neste exercicio o procedemento de 'Cribado e Atención en Saúde' como mellora da atención sanitaria á muller en situación de violencia de xénero; cuxo obxectivo é mellorar a vida das mulleres e axudar a erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade, aumentar a detección precoz da violencia de xénero, mellorar a atención das mulleres nas consultas de saúde do sistema sanitario galego e homoxeneizar as actuacións sanitarias no sistema sanitario público de Galicia.

Seguirase apostando pola integración de procesos e continuidade asistencial en cada momento de transición do paciente en función da súa patoloxía e necesidades, buscando vías de asistencia que aporten proximidade e accesibilidade ao usuario a través dunha xestión eficiente, así como protocolizar todas as actuacións sanitarias relacionadas coa atención ás infeccións respiratorias agudas para prestar a mellor atención nos momentos de maior afluencia; seguirase ca inversión en innovación tecnolóxica a través de novos equipamentos e de sistemas de información e comunicación que potencien o papel tanto do profesional como do propio paciente na súa relación asistencial.

En particular, no que ten a ver coa atención primaria, as principais prioridades son:

- Desenvolvemento e implantación das accións a medio prazo e inicio da implementación das de longo prazo do Plan galego atención primaria 2019-2021, documento estratéxico fundamentado nos valores que definen inequivocamente as actuacións do Servizo Galego de Saúde desde a súa creación: unha aposta firme polas persoas (profesionais e pacientes), a humanización no trato, a promoción da saúde e prevención da enfermidade, a educación sanitaria, a asistencia sanitaria e o traballo comunitario, cunha aposta pola sustentabilidade dun modelo asistencial que debe manterse para o futuro.
- Desenvolvemento e implantación das accións a curto prazo e comenzo da implementación das de medio prazo do documento estratéxico e de xestión por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, que complementa o Plan galego atención primaria 2019-2021, establecendo unha visión para o fortalecemento da atención primaria en Galicia nos próximos anos.
- Avance na implantación do modelo definido na Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade, que centra a asistencia a estes pacientes na atención primaria e integra todos os programas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos baixo un modelo de traballo innovador, orientado á satisfacción dos pacientes e tamén dos profesionais.
- Actualización e elaboración de protocolos relacionados coa detección e manexo de pacientes con infección activa polo virus SARSCoV-2 (COVID-19) en atención primaria.
- Impulso e consolidación en atención primaria do modelo de teleseguimento de pacientes crónicos e agudos a través da plataforma tecnolóxica TELEA.
- Potenciación de actuacións dirixidas a fomentar a atención domiciliaria proactiva en atención primaria.
- Impulso dos programas de intervención comunitaria nas sete áreas sanitarias.
- Actualización do proceso asistencial integrado de diabetes mellitus tipo 2, co obxectivo de orientar as actuacións dos profesionais no diagnóstico e tratamento do paciente con diabetes mellitus tipo 2, para reducir a morbi-mortalidade asociada, a través da diminución da variabilidade asistencial e baixo criterios de calidade e eficiencia.
- Actualización da Guía de coordinación e mobilización de recursos en urxencias extrahospitalarias, publicada no ano 2004, co fin de establecer os procedementos ou protocolos de actuación nese ámbito asistencial.
- Continuar coa actividade do sistema de información sobre teratóxenos, servizo de información para profesionais do Servizo Galego de Saúde (persoal facultativo -medicina, farmacia...-, matronas/matróns e persoal de enfermaría), sobre os riscos teratoxénicos dos medicamentos e doutras exposicións ambientais, baseada fundamentalmente na elaboración de informes de avaliación e na divulgación científica.
- Avaliación do grao de implantación do proceso asistencial de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal e da Guía de atención no proceso de morte e dó xestacional e perinatal.

- Avance na implementación da Guía técnica de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino.
- Continuar coa promoción da lactación materna no ámbito de atención primaria.
- Actualización dos capítulos da Guía de actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria, publicada no mes de xuño de 2020, nos que se detecte esta necesidade.

No eido da atención hospitalaria, marcaranse as seguintes prioridades:

- Protocolizar e garantir a mellor atención sanitaria neste ámbito asistencial ás patoloxías respiratorias agudas, buscando a maior efectividade no diagnóstico precoz e na redución da transmisión intrahospitalaria e das complicacións asociadas á infección, así como a máxima eficiencia na utilización dos recursos asistenciais neste nivel.
- Garantir os recursos necesarios para atender, conter e mitigar a pandemia actual provocada polo virus SARSCoV-2. Garantir a actuación de vixilancia, prevención e control destas enfermidades e garantir a mellor capacidade analítica cos recursos e equipamentos en tecnoloxía analítica que permita incrementar a capacidade diagnóstica, tanto en volume, como na redución do tempo de diagnóstico, como recursos principais para conter e mitigar a pandemia actual.
- Accesibilidade ás prestacións sanitarias, á libre elección (médico de familia, pediatra, profesional de enfermería, hospital ou complexo hospitalario) e a segunda opinión médica. Continuar desenvolvendo o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas; especial atención á patoloxía oncolóxica, (intervención cirúrxica, como primeiras consultas e probas diagnósticas). Continuarase coas seguintes vías rápidas de cancro implantadas: mama, colon, pulmón, próstata, vexiga, cabeza e colo e melanoma e oncohematoloxía.
- Continuar na definición e implantación de procesos asistenciais integrados (PAI) naquelas patoloxías ou enfermidades crónicas que, polo seu especial impacto asistencial ou social requiran unha abordaxe máis individualizada. Actualizar o proceso asistencial integrado de EPOC, que mellorará e homoxenizará a xestión e os procesos asistenciais das persoas que sufran esta enfermidade.
- A xestión da lista de espera por prioridade diagnóstica e xestión da demora media para primeiras consultas de enfermidade, e de probas diagnósticas; seguirase potenciando a cirurxía maior ambulatoria.
- O desenvolvemento de sistemas de atención máis eficaces: potenciando a consulta telefónica ou por videochamada, as consultas non presenciais (e-consulta) ou o programa Conecta-72, como complemento á atención presencial. Potenciar os servizos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).

- No tocante á mellora da eficiencia da atención presencial, continuar coa "consulta de alta resolución", cunha visita única, resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias.
- Continuar coa mellora da atención ao paciente con ictus (código Ictus) co obxectivo principal de diminuír a morbilidade e as secuelas secundarias e continuar reducindo o tempo entre o inicio dos síntomas e o inicio do tratamento; mellorar o proceso asistencial integrado, así como o sistema de información asociado.
- Continuar coa rehabilitación do dano cerebral adquirido (DCA) para atender as lesións súbitas no cerebro que producen diversas secuelas consecuencia dun ictus. Rehabilitación das persoas que se encontran en estados vexetativos sen resposta e estados de mínima conciencia secundario a ictus isquémicos. Mellorar a rehabilitación das secuelas dun ictus en pacientes con alteracións motoras ou sensitivas producidas por un accidente vascular cerebral.
- Consolidar o Rexistro galego de pacientes con enfermidades raras (RERGA) e o funcionamento da Comisión Galega de Enfermidades Raras creados na pasada lexislatura, cun desenvolvemento coordinado, multidisciplinar e relacional de abordaxe, que se definirá nos primeiros pasos para o Plan autonómico de atención ás enfermidades raras en Galicia.
- A hospitalización a domicilio como asistencia sanitaria de complexidade hospitalaria prestada no domicilio do paciente por un profesional/unidade sanitaria de atención hospitalaria en réxime de internamento/ingreso domiciliario. No ano 2019 foi aprobada a Estratexia HADO 20019-2024 e a implantación progresiva deste plan será o principal obxectivo, así como homoxeneizar as actuacións, e definir un novo modelo de atención.
- Traballar no Plan estratéxico oncohematolóxico, para avanzar na mellora dos procesos de atención ao paciente oncolóxico en Galicia, abordar de forma multidisciplinar as actuacións asistenciais, preventivas e de mellora da calidade para diminuír a morbimortalidade do cancro así como a súa incidencia. O obxectivo é dispoñer dun instrumento de planificación e xestión encamiñado a homoxeneizar os recursos asistenciais, físicos e tecnolóxicos. Entre as súas prioridades atópase: implantación e desenvolvemento de circuítos asistenciais comúns que faciliten o acceso ás consultas e probas hospitalarias, homoxeneizar o acceso ás terapias farmacolóxicas e non farmacolóxicas (incluíndo a radioterapia), avanzar na medida de resultados en saúde como indicadores de efectividade e seguridade dos tratamentos.
- Traballar no Plan estratéxico de terapia celular avanzada, cumprindo o mandato do Parlamento de Galicia. Avanzarase na incorporación das terapias Car-T en Galicia para a súa administración nos centros hospitalarios propios e en seguir dando pasos para a fabricación propia de medicamentos Car-T académicos e outras terapias celulares avanzadas en Galicia.
- Continuar a mellorar os coidados paliativos: continuar favorecendo a permanencia do paciente no seu ámbito (domicilio). Coidados paliativos de forma transversal dentro do sistema sanitario de Galicia, implicando a todos os servizos hospitalarios e de atención

primaria nunha atención de calidade nos cuidados ao final da vida a toda a cidadanía de Galicia.

- Seguir modernizando os sistemas corporativos de información sanitaria hospitalarios e de atención primaria, seguir cos controis de calidade (normalización e codificación) para obter o seu máximo rendemento. Cadro de mandos corporativos para monitorización da actividade e atención sanitaria.
- Continuar coa modernización e mellora da historia clínica electrónica. Continuar desenvolvendo a evolución da HCE por procesos (HCEPRO) e, en concreto, avanzar no módulo de enfermería, tan necesario para a continuidade asistencial, como quedou demostrado neste momento de pandemia.
- Potenciación das novas tecnoloxías no seguimento dos pacientes, desenvolvendo novos perfís en Telea xa no ámbito hospitalario. Dentro destes perfís, crearanse o de seguimento farmacolóxico en pacientes oncolóxicos, o perfil de pacientes con enfermidade inflamatoria intestinal ou o de rehabilitación cardíaca, entre outros. Actualmente, Telea é usado de forma diaria por máis de 10.000 pacientes en Galicia nos seus distintos perfís, sendo unha ferramenta coa que se demostrou que melloramos os resultados no seguimento dos pacientes e a súa satisfacción.
- Manter os programas de calidade e seguridade asistencial: programas de prevención relacionada coa asistencia sanitaria, programa Hixiene de mans, continuar co programa de Infección Zero nas Unidades de Críticos: Bacetriemia Zero, Neumonía Zero, Resistencia Zero e infección urinaria Zero (ITU-Zero). Implantación e desenvolvemento do programa Desnutrición-zero. Implantación dos programas de optimización de antibióticos (PROA), acreditación dos centros hospitalarios, abordaxe na atención primaria. Continuar co desenvolvemento do código Sepse en todos os centros hospitalarios galegos e continuar diminuíndo a mortalidade por sepsis grave e shock sistémico. Consolidar a aplicación InNoCBR como programa corporativo para unha vixilancia homoxénea e sistemática que permita coñecer e comparar a súa incidencia e prevalencia para unha mellor prevención e control desta enfermidade. Continuar co Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente (SINAPS).
- Incrementar a eficiencia da prestación farmacéutica proporcionada a través dos hospitais da rede pública aos pacientes externos, que ven crescendo nos últimos anos de xeito importante. Este crecemento da atención farmacéutica hospitalaria derívase dun incremento de fármacos que se dispensan nos nosos hospitais, da chegada de novos pacientes con patoloxías crónicas e da propia innovación terapéutica que se incorpora a ese nivel de atención.

A esa situación de actividade crecente sumouse a actual pandemia, que obrigou de xeito urxente a unha reformulación da atención farmacéutica hospitalaria os pacientes externos durante 2020, o que fixo que se puxera en marcha a dispensación domiciliaria dende os nosos servizos de farmacia.

Trátase dunha actividade que, ao longo do 2021, se vai a consolidar mediante o oportuno desenvolvemento normativo baseado na Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, a estruturación e dotación dos servizos a nivel hospitalario e, naturalmente, o deseño e posta en marcha de ferramentas tecnolóxicas que permitan a monitorización do paciente no seu domicilio, a determinación da tolerancia aos tratamentos, a medición de resultados en saúde reportados polo paciente e o grado de cumprimento terapéutico.

No que ten a ver coas actuacións a realizar na saúde mental:

- A prioridade principal é a implantación das liñas estratéxicas marcadas no Plan galego de saúde mental PosCovid-19 2020-2024, iniciando a execución dos máis de 80 millóns de euros cos que foi dotado e a incorporación de 229 novos profesionais neste eido. Farase especial fincapé no impulso da atención a domicilio e da teleasistencia para a atención dos problemas de saúde mental derivados da COVID-19.
- Desenvolver o vixente Plan de prevención do suicidio en Galicia e revisar os seus indicadores. Actuacións e actualizacións en función dos resultados obtidos. Coordinación entre os distintos dispositivos asistenciais e legais. Detección precoz de persoas con risco de potenciais suicidas e atención precoz e proactiva.
- Establecer canles e coordinación estables coas consellerías con competencias en materia de asuntos sociais, educación e menores, para avanzar na atención ás persoas con trastorno mental en situación de dependencia e a atención as persoas que experimentan un trastorno mental nos dispositivos residenciais. Coordinación con Política Social para fixar criterios de adxudicación de prazas sociosanitarias en determinados casos.
- Actualización do catálogo de programas asistenciais na rede de centros de atención a persoas con trastornos aditivos, actualizando os programas e procedementos en virtude dos cales se prestan os programas de apoio a inserción social e os programas de asistencia sanitaria dirixidos a mulleres e a persoas con adicións comportamentais (TICs e Ludopatías).

Finalmente, no tocante á atención sociosanitaria, as prioridades principais son:

- Desenvolver a Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade para adaptar a organización do noso sistema sanitario á situación sociodemográfica de Galicia, con dinámicas de traballo que favorezan unha atención sociosanitaria integral, cunha visión global das persoas e unha perspectiva temporal ampla. Os obxectivos desta estratexia son: evitar a progresión da cronicidade cara a estadios máis complexos; manter e/ou mellorar o estado funcional da/do paciente axustado ás súas condicións vitais e engadir valor na atención a estes pacientes.
- Coordinarse con Política Social para establecer un marco de actuacións encamiñadas a un novo modelo de mellora da calidade da atención sanitaria das persoas que habitan nunha residencia de maiores.

- Continuar potenciando a relación entre traballo social de primaria e hospitalaria e promover a coordinación interdepartamental para potenciar a atención comunitaria en atención primaria, nomeadamente cos programas comunitarios que faciliten a inclusión social: atención a refuxiados, ao pobo xitano, etc.

Estes avances na prestación sanitaria requiren dunha xestión eficiente dos recursos humanos cos que conta o Sergas, así como as reformas precisas para garantir aos profesionais unhas condicións e un entorno de traballo no que poidan desenvolver a súa labor coas máximas garantías á súa disposición.

Neste sentido, as prioridades da política de recursos humanos do Sergas para o ano 2021 pasan por:

- Estabilidade no emprego: desenvolvendo a oferta pública de emprego aprobada no ano 2020 con 973 prazas, para dar resposta ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas como prioritarias polo Servizo Galego de Saúde, con especial atención aos ámbitos asistenciais cunha maior demanda de efectivos e de necesario reforzo no actual contexto de crise sanitaria derivada da pandemia COVID-19, como a medicina de familia, pediatría, medicina de urxencias e especialidades como medicina intensiva, medicina interna ou pneumoloxía.

Está prevista unha convocatoria de 652 prazas de persoal licenciado sanitario, para médicos de familia, pediatras de atención primaria, médicos de urxencias, médicos do 061 e facultativos de atención hospitalaria das diferentes especialidades. Nas categorías sanitarias (enfermeiras, fisioterapeutas, enfermeiras especialistas,...) ofertaríanse 275 prazas e nas categorías de xestión e servizos 46 prazas. O sistema selectivo será o de concurso-oposición e respectará os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito e capacidade. Do total de prazas, reservaranse 49 prazas para o acceso a persoas con discapacidade xeral e 20 con discapacidade intelectual, así como para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

- Redución da temporalidade: continuarase cos nomeamentos de continuidade e a súa extensión coa fin de reducir a temporalidade e dar cobertura ás novas necesidades derivadas da emerxencia sanitaria. En 2020 téñense formalizado máis de 120 contratos de continuidade e no ano 2021 está prevista a formalización de 150 de enfermería, vinculados á emerxencia sanitaria a cunha duración de 12 meses, en hospitais e ampliábeis a enfermería de atención primaria. Tamén se impulsará a figura da enfermería familiar e comunitaria como apoio e reforzo na pandemia e impulso a enfermería xestora de casos.
- Implantación dun plan de continxencia COVID-19 en materia de recursos humanos, un documento que incorpora unha vintena de medidas extraordinarias en materia de persoal que se consideran precisas para facer fronte á situación de emerxencia sanitaria. En canto as listas de contratación, o plan contempla diversas medidas como valorar como mérito a dispoñibilidade continuada das persoas aspirantes de emprego temporal,

cunha puntuación adicional específica nos baremos por esta dispoñibilidade, premiando así a aqueles profesionais que se incorporan á prestación de servizos cada vez que son chamados polo Servizo Galego de Saúde, recoñecendo desta forma a súa colaboración.

- Potenciar a cobertura dos postos de traballo en centros con dificultades de persoal. Nos baremos de méritos dos procesos selectivos das categorías/especialidades de persoal licenciado sanitario con indispoñibilidade de profesionais, incluírase unha puntuación específica pola prestación de servizos nos hospitais comarcais de difícil cobertura e centros sanitarios illados do sistema público de saúde de Galicia.
- Continuidade das convocatorias dos procedementos de mobilidade voluntaria, de carácter aberto e permanente, a efectos de facilitar aos profesionais novos destinos próximos as súas localidades de residencia e/ou con maiores expectativas de desenvolvemento profesional e, ao tempo, facilitar a conciliación da vida familiar, con medidas adicionais de puntuación en servizos prestados en zonas illadas ou comarcas de difícil cobertura.
- Retención do talento continuando coa política de flexibilizar a idade de xubilación, permitindo aos profesionais continuar no servizo activo máis aló do cumprimento dos 65 anos en todas as categorías/especialidades e con medidas de captación de novos profesionais para postos asistenciais que requiran unha especial cualificación ou responsabilidade, desenvolvendo accións específicas neste ámbito.
- Formación especializada: no ano 2021 Galicia ofertará 484 prazas, incrementando a oferta de 2020.
- Adaptación dos recursos existentes ás necesidades asistenciais da poboación a través de medidas de reordenación de efectivos para garantir a continuidade asistencial, sen menoscabo dos dereitos dos profesionais recoñecidos no marco normativo vixente.
- Dotación das prazas previstas para a posta en marcha dos plans de actuación vixentes como o Plan galego de atención primaria 2019-2021, o Plan galego de hospitalización a domicilio: estratexia HADO 2019-2023 e o Plan de saúde mental de Galicia PosCovid 2020-2024.
- Avance na especialización dos recursos humanos e na definición dun mapa de competencias para a mellora das habilidades e actitudes dos profesionais en beneficio da atención dos usuarios do servizo público. Especialidades de enfermería: matronas, enfermeiras especialistas en medicina do traballo, en saúde mental, ou enfermería familiar e comunitaria. Dotaranse prazas de dietética e nutrición tras a creación da categoría mediante Decreto 171/2020, do 1 de outubro.
- De acordo coas conclusións recibidas polas comisións sectoriais do Consello Técnico de Atención Primaria, deben abordarse novos roles profesionais, o sistema de provisión de postos de xefaturas e o propio modelo de atención primaria, a promoción da formación continuada e o impulso das titorías docentes, entre outras.
- Seguirase fomentando un sistema retributivo baseado na valoración do cumprimento de obxectivos, na avaliación do rendemento, na elección do paciente e na calidade asistencial no sistema público.

- A carreira profesional: tense implantado un sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos de persoal estatutario do Sergas como recoñecemento á súa achega na mellora dos servizos sanitarios públicos (acordo do consello da Xunta do 19 de xullo de 2018, polo que se aproba o acordo da mesa sectorial de sanidade do 6 de xullo de 2018, sobre as bases da carreira profesional do persoal do Sergas e as entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo) polo que se continuará co recoñecemento de grados.
- Darase un pulo ás novas tecnoloxías da información e na xestión do persoal, propiciando a permanente actualización das aptitudes dos profesionais mediante o establecemento de accións formativas adaptadas ás necesidades da organización. Dixitalización dos procesos de contratación do Sergas, facendo que sexa un proceso totalmente electrónico, dende a inscrición dos procesos selectivos, a baremación automática de méritos, sinatura do contrato por parte do profesional dende a súa propia casa, o concurso de traslados aberto e permanente e a solicitude electrónica dos graos de carreira profesional.
- As tecnoloxías da información e da comunicación orientaranse tamén a impulsar e regular os servizos non presenciais: telemedicina, TELEA, consultas virtuais etc., especialmente trala experiencia da crise da COVID-19. Para a adaptación a este novo contexto regularanse unhas bases de teletraballo ou traballo non presencial que contemplan o seu impulso.
- Continuarase consolidando e avanzando na mellora da biblioteca virtual “Bibliosaúde” e desenvolvendo a ferramenta electrónica SOPHOS.
- Continuarase desenvolvendo os principios da conciliación da vida familiar e laboral dos empregados públicos da saúde, facéndoo compatibles coas necesidades da atención permanente e continua da poboación galega. Protección á maternidade: a Lei 9/2016, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como medida de protección á maternidade, paternidade e risco durante o embarazo ou durante a lactación, ampliando os supostos a adaptación de posto co dereito a percibir a media das retribucións aboadas o ano anterior en concepto de atención continuada por gardas, noites e festivos.
- Implantarase o I Plan de igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde no que se define un conxunto ordenado de medidas específicas, adoptadas despois de ter realizado un diagnóstico de situación en distintas áreas da organización que comprenden a selección e promoción profesional, a política salarial, a formación, a ordenación do tempo de traballo e a conciliación así como situacións de especial protección como no caso de violencia de xénero.

Finalmente, é esencial para o Sergas, neste novo contexto, facer unha priorización intelixente dos seus investimentos en infraestruturas e tecnoloxía, aspirando ademais á obtención de fondos europeos de recuperación para o financiamento de proxectos estratéxicos para a sanidade pública.

Nese sentido, as prioridades en materia de dotación de infraestruturas, equipamentos e tecnoloxías son as seguintes:

- Mellora e reforma de centros de saúde dentro dun plan de intervencións deseñadas para abordar as necesidades de infraestrutura e adaptación de espazos fronte á COVID-19 que buscan como obxectivo ofrecer unha maior seguridade, calidade e comodidade aos pacientes, familiares e profesionais. Con este investimento estarán mais seguros, mellor atendidos e gañarase espazo para incrementar o confort e a capacidade de asistencia.
- Mellora da atención primaria como eixo vertebrador do sistema sanitario reforzando a integración da primaria coa hospitalaria a través da dixitalización asistencial, coa implantación dunha historia clínica intelixente de apoio ao profesional na decisión e que integre a información que xeran os dispositivos a domicilio e os sistemas de diagnóstico por xenómica. Renovación dos sistemas de atención telefónica centralizados e despregue da teleconsulta médico-paciente.
- Aumento da capacidade asistencial de atención primaria con novos centros como o centro integral de saúde (CIS) de Lalín, un novo CIS en Ourense, novos centros de saúde en Vigo (Bouzas e Olimpia- Valencia), Narón, O Saviñao, Melide, Moaña, A Rúa e Antas de Ulla, así como as ampliacións ou reformas dos centros de saúde de Conxo (Santiago de Compostela), Bertamiráns, O Porriño, Vilagarcía de Arousa, Arnoia, Ortiñeira e Ribadavia. Asemade, dótase unha partida cos fondos necesarios para a redacción de proxectos de novos centros de saúde naqueles concellos nos que exista un acordo firme da administración municipal para poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde os terreos necesarios, viables e libres de cargas, para a construción dos novos centros, en particular para aqueles casos nos que eses acordos están xa avanzados, como é o caso do novo centro de saúde de Santa Lucía (A Coruña).
- Mellora da humanización das infraestruturas de atención primaria, cunha partida específica para a instalación e reforma de sistemas de climatización e ventilación en centros de saúde para manter a calidade do aire e condicións de temperatura e humidade dentro dos niveis aceptables, ao tempo que se garanta a súa seguridade sanitaria para evitar que os propios sistemas de climatización puideran ser unha fonte de contaminación e infeccións. Instalaranse ademais sistemas de alta eficiencia enerxética.
- Achegamento do sistema sanitario ao domicilio do paciente: desenvolvemento de asistentes virtuales de saúde para autocontrol, apps seguras que permitan a interacción da cidadanía co sistema de saúde, evolución do sistema de notificación do Sergas para información cidadá a través de medios como sms ou correo electrónico.
- En particular, no eido hospitalario destaca a dotación de fondos para o desenvolvemento do Gran Montecelo en Pontevedra, seguindo as liñas marcadas polo convenio entre Xunta e Concello de Pontevedra, así como a dotación para o novo CHUAC, para cuxa posta en marcha é necesario un convenio equivalente aínda pendente de aceptación por parte do Concello de A Coruña.

Dótase tamén a continuación da execución dos plans directores dos hospitais de Ferrol, Ourense e A Mariña e a execución de obras de ampliación, reforma e equipamento nos hospitais de Santiago, Vigo, Salnés, Monforte, Barbanza, Verín e Valdeorras.

Estas actuacións non supoñen proxectos illados senón que responden a un proxecto conxunto de priorización de determinadas actuacións na planta hospitalaria galega:

- Mellora da atención de urxencia e críticos do Sergas: con actuacións sobre servizos de UCI nos hospitais de Santiago e Ourense e nas urxencias dos hospitais de Ferrol, Pontevedra, Vigo (Álvaro Cunqueiro), A Mariña ou Verín.
- Impulso da humanización dos servizos hospitalarios: mellora das áreas de hospitalización con maior porcentaxe de camas individuais ou con maior confort a través de novos sistemas de climatización nos hospitais de A Coruña, Santiago, Ferrol, Pontevedra, Vigo (Meixoeiro), Ourense e Valdeorras.
- ECOSERGAS: Actuacións para facer máis sustentables medioambientalmente e máis eficientes desde o punto de vista enerxético os complexos hospitalarios de A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo e Verín, así como os centros de primaria a través do impulso da utilización de enerxías renovables.
- Reforzo da carteira de servizos dos hospitais comarcais, con actuacións de mellora: na Mariña (licitación da segunda fase do Plan Director), Monforte (execución da obra de implantación do hospital de día onco-hematolóxico-polivalente e ampliación de farmacia licitada no 2020), Barbanza (licitación da reforma da sala de endoscopias e do proxecto para unha nova unidade de hospitalización), Salnés (licitación da obra de dotación dunha zona de esterilización no bloque cirúrxico), Verín (elaboración do proxecto e licitación da obra da ampliación de urxencias-PAC e actuacións de mellora de eficiencia enerxética) e Valdeorras (execución da obra de reforma da zona de consultas externas adxudicada no 2020 e licitación da obra de reforma das áreas de Farmacia, Cirurxía Maior Ambulatoria e Hospital de Día trala finalización do proxecto en 2020).
- Mellora da capacidade diagnóstica e terapéutica: plan de alta tecnoloxía e plan de ecografía para renovar, modernizar e dixitalizar equipos: resonancias magnéticas, equipos de radioloxía, gammacámaras, tomografías computerizadas, ecógrafos e ferramentas de axuda ao diagnóstico mediante intelixencia artificial. Dixitalización completa da imaxe de anatomía patolóxica. Sistema de información integrado de probas de laboratorio. Mellora da área de medicina nuclear no hospital de Ourense e creación doutra no de A Coruña.
- Mellora da seguridade e eficiencia da actividade cirúrxica: incremento do equipamento electromédico nos quirófanos galegos, facilitando a realización de técnicas cirúrxicas menos invasivas e adquisición de equipamento robotizado. Introducción de modelos de simulación e planificación cirúrxica a través de impresión 3D.
- Continuar co desenvolvemento ou renovación dos plans de eficiencia enerxética nas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e incorporar un maior volume de enerxía fotovoltaica e xerada por biomasa dentro do consumo enerxético do Servizo Galego de Saúde.
- Mellorar e homoxeneizar a xestión de residuos nas áreas sanitarias a través da execución do primeiro contrato centralizado licitado en 2020 e co que se pretende acadar

un tratamento máis sustentable co medio ambiente e minimizar os riscos que a segregación, manipulación, transporte, almacenamento e eliminación dos residuos poida xerar nas persoas directamente expostas a eles, así como na saúde pública.

- Elaborar un plan estratéxico de mantemento electromédico.
- Homoxeneizar os criterios de adquisición e xestión das aplicacións de mantemento técnico e control de instalacións.
- Continuar co desenvolvemento da aplicación informática de xestión do mantemento (XMAO) e integrar os ámbitos de mantemento e inventario patrimonial.
- Manter os stocks estratéxicos de material de protección e diagnóstico de COVID-19.
- Redefinir ou recuperar os indicadores de eficiencia da plataforma lóxística, áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde previos á crise do COVID-19: automatización de necesidades, cobertura de existencias operativas, etc.
- Diminuír as incidencias nas compras ás empresas provedoras aumentando o intercambio electrónico de datos nas transaccións e a automatización e colaboración nas actividades de catalogación.
- Continuar coa homoxeneización de produtos sanitarios consumidos nas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
- Aumentar a eficiencia dos grupos de traballo de asesoramento e consultaría ás compras centralizadas de produtos sanitarios e implantés.
- Seguir desenvolvendo o sistema de compras integradas do Servizo Galego de Saúde dun xeito máis eficiente e prazos de xestión máis curtos.
- Continuar co desenvolvemento da contratación electrónica e posta en marcha dos sistemas dinámicos de contratación.
- Integrar as aplicacións de contratación electrónica e xestión dos expedientes de contratación.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE

Creada en virtude do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, ten como fins xerais e obxectivos básicos realizar a xestión da formación no sistema público de saúde de Galicia, o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Asume as competencias e medios persoais e materiais que lle correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria. Asume tamén desde a súa posta en funcionamento as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden ao Servizo de Axencia de

Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e todas as competencias en materia de investigación, innovación e formación.

As liñas de acción para o ano 2021 son:

- Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados da investigación do sistema público de saúde de Galicia.
- Promover a valorización, a protección e a transferencia dos resultados da investigación e continuar Programa de desenvolvemento precomercial de resultados de investigación do sistema público de saúde galego (PRIS).
- Favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador traballando na regulamentación da carreira investigadora.
- Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado. Facilitar a obtención da acreditación “Human Resources Excellence in Research” nos institutos de investigación sanitaria de Galicia.
- Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación. Potenciar a rede de biobancos do Servizo Galego de Saúde.
- Promover o acceso dos pacientes á participación en ensaios clínicos, garantindo a equidade no noso sistema e potenciando a realización de ensaios clínicos.
- Finalizar a execución do proxecto de CPI Código 100.
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI INNOVATRIAL no marco do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).
- Xestionar e coordinar o proxecto de CPI Saúde 4.0 Microbioloxía en nome do Servizo Galego de Saúde. Desenvolver plataformas tecnolóxicas que permitan obter, de maneira rápida e totalmente automatizada, diagnósticos microbiolóxicos fiables de calquera patoloxía a partir de calquera mostra clínica biolóxica así como identificar cambios no microbioma humano asociados a determinadas enfermidades que permitan poñer en valor a actividade dos Biobancos.
- Coordinación e execución dos proxectos europeos TITTAN, EunetHTA e REGIONS-4PERMED.
- Promover a internacionalización e fomento da cultura innovadora a través da participación en novos proxectos europeos de innovación.
- Impulsar a participación do sistema de saúde público de Galicia na rede EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP on Active and Healthy Ageing (EIPonAHA).
- Impulsar a participación do sistema de saúde público de Galicia na Rede Europea de Living Labs (ENoLL).
- Promover a participación do sistema de saúde público de Galicia no consorcio europeo EIT Health - European Institute of Innovation and Technology.

- Impulsar un modelo de innovación aberta, baseada no modelo de Cuádrupla Hélice, traballando xuntos para cocrear o futuro e impulsar cambios estruturais máis aló do alcance do que calquera organización ou persoa podería facer só. Continuar, para iso, coa dinamización da Plataforma de Innovación Sanitaria e a rede de Nodos de Innovación.
- Procurar a participación dos usuarios no proceso de innovación favorecendo o desenvolvemento de bens e servizos máis acordes ás súas necesidades.
- Convocar unha nova edición do premio á mellor innovación do sistema galego de saúde.
- Continuar coa posta en marcha do Living Lab de Ourense e Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).
- Impulsar a investigación, a innovación e a avaliación en saúde mediante o acceso á reutilización e cruce dos datos sanitarios garantindo plenamente a confidencialidade e a ética na utilización dos datos.
- Participar nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómico e nacionais (CIBER, CNIO, CECBE, INVESTEN, IISCI, etc.)
- Difundir a toda a sociedade a actividade investigadora desenvolvida no ámbito sanitario e accións de difusión que permitan visibilizar a investigación feita en Galicia.
- Analizar as necesidades formativas dos profesionais do sistema público de saúde de Galicia e executar o plan AFEDAP (Acordo de Formación de Emprego do Persoal das Administracións Públicas) e o plan PEF (Plan estratéxico de Formación).
- Desenvolver un novo marco normativo de ordenación da formación sanitaria especializada.
- Incorporación de novas tecnoloxías de realidade virtual e realidade aumentada para a formación e adestramento dos profesionais.
- Execución das actividades formativas, sesións informativas e foros de consulta incluídos na Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
- Facilitar sinerxías e colaboracións con outras institucións ou organismos líderes na xestión de proxectos de innovación formativa sumando puntos de vista complementarios e aliados estratéxicos para o sector saúde.
- Detectar as tecnoloxías sanitarias, novas ou en uso, susceptibles de avaliación, pola súa repercusión.
- Diseñar estudos específicos de investigación en avaliación de tecnoloxías.
- Promover a investigación especificamente dirixida a obter a información necesaria para a avaliación de tecnoloxías fomentando a colaboración entre as universidades, os centros, unidades de investigación, as empresas e outras institucións.
- Analizar e revisar a información científica relacionada coa avaliación das tecnoloxías sanitarias e a súa difusión entre os profesionais e os servizos sanitarios.
- Desenvolver os informes de avaliación que soliciten a comisión asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos; a Consellería de Sanidade e o Sergas.

- Participar na Rede Española de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (RedETS) e desenvolver as actividades asignadas no plan anual de dita rede.
- Participar na Colaboración Europea en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (EUnetHTA Joint Action 3) a través dos grupos de traballo 3 e 4 (WP3 e WP4).
- Participar nas organizacións internacionais de avaliación de tecnoloxías e de Guías de Práctica Clínica: INAHTA, HTAi, GIN (Guidelines International Network) e EuroSCAN.
- Analizar a difusión e os patróns de utilización das tecnoloxías médicas de maior impacto, en termos de saúde ou económicos, no sistema sanitario, principalmente en relación coa súa accesibilidade, demanda potencial e utilización apropiada.
- Elaborar e difundir guías de práctica clínica e recomendacións baseadas na evidencia, en diferentes ámbitos de actuación: prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación.
- Asesorar na creación e desenvolvemento de programas de avaliación de tecnoloxías sanitarias, nos diferentes niveis de decisión.
- Asesorar no desenvolvemento de sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

De acordo co Decreto 142/2015, do 17 de setembro a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, desenvolverá as súas liñas de actuación dirixidas á consecución dos obxectivos fundacionais.

Continuarase coa promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos poñendo en marcha distintas iniciativas que faciliten o acto solidario da doazón, traballando na sensibilización e concienciación desde a infancia. Convocaranse:

- III Edición do concurso de carteis para escolares relacionados coa doazón e o transplante.
- VII Edición do concurso de curtametraxes relacionados coa doazón e os transplantes de órganos e tecidos.

Apostarase pola mellora das infraestruturas dedicadas á doazón, coa renovación dos locais de doazón hospitalaria de Vigo e Ourense e coa adquisición dunha nova unidade móbil (UM) que se sumará ás 11 UM coas que se conta na actualidade, o que permitirá a cada doador realizar a súa doazón nas máximas condicións de seguridade e confort.

No que atinxe ao Programa galego de doazón e transplante de órganos, durante o ano 2019 realizáronse un total de 354 transplantes (176 de rí, 115 de fígado, 41 de pulmón, 20 de corazón e 2 de páncreas) acadando os mellores resultados desde o seu inicio.

Os obxectivos funcionais concretos a seguir para o ano 2021 son:

- Garantir o abastecemento de sangue e dos seus derivados aos provedores de servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Coordinar a doazón e transplantes de órganos e o procesamento, almacenamento, distribución e implante de células e tecidos, velando polo cumprimento dos estándares de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación.
- Asumir a organización e garantir a dispoñibilidade de mostras de máxima calidade de células e tecidos.
- Coordinar as actuacións de Galicia, nos ámbitos da doazón, transfusión e transplante de órganos e tecidos, coas comunidades autónomas do estado español, co Goberno de España e cos organismos internacionais.

De conformidade co establecido na Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, a realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades de dereito público dependentes dela, poderá ser encomendada intrasubxectivamente a outros órganos da mesma administración ou entidade que o encomendante, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios idóneos para o seu desempeño. Deste xeito a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos desenvolve para o Servizo Galego de Saúde os seguintes servizos:

- Servizos Hemoterápicos.
Denomínanse servizos hemoterápicos a subministración dos diferentes compoñentes sanguíneos aos hospitais. Esta denominación como servizo débese a que o sangue non se fabrica nin sofre alteracións na súa composición. Os elementos subministrados (hemacias, plaquetas e plasma) obtéñense por procesos de separación e realízanse sobre eles as probas de detección precisas para ser transfundidos.
- Servizo de probas analíticas.
Dentro deste servizo inclúense determinacións analíticas das áreas de inmunohematoloxía, seroloxía e bioloxía molecular de enfermidades transmisibles e estudos de histocompatibilidade que sexan solicitados desde o ámbito hospitalario.
- Servizos de Criopreservación.
Dentro deste servizo atópanse os concentrados de hemacias e plaquetas criopreservadas e os proxenitores hematopoéticos.
- Servizo de medicamentos derivados do plasma.
A subministración aos hospitais da rede pública do Sergas, dos medicamentos procedentes do fraccionamento industrial de plasma excedentario. Así obtéñense albumina, Factor VIII humano, Inmunoglobulina humana inespecífica, Alpha I Antitripsina, medicamentos todos eles de uso habitual nos hospitais.
- Proxecto BLOOD.

Este proxecto global xurde da necesidade de coordinar e homoxeneizar de forma integrada, os sistemas de información que dan soporte ao traballo que se está desenvolvendo entre os servizos de transfusión dos centros hospitalarios e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Este proxecto abrangue distintos obxectivos e supón o deseño, desenvolvemento e implantación dun sistema que garante a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

- Programa galego de plasma hiperinmune de paciente convalescente da COVID-19. Atendendo aos especiais requirimentos terapéuticos desenvolvidos polos doentes no contexto da pandemia do COVID-19 e dado que non existe ata o momento un tratamento efectivo para esta enfermidade, a axencia está desenvolvendo un programa específico para a obtención de plasma hiperinmune como unha potencial alternativa terapéutica esperanzadora.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., é unha sociedade pública autonómica, adscrita ao Servizo Galego de Saúde, de capital integramente público, creada mediante Decreto da Presidencia da Xunta de Galicia o 14 de xullo de 1994 para levar a cabo actividade asistencial, así como para o desenvolvemento, execución e xestión de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario e para proporcionar outros servizos relacionados co ámbito sanitario.

Trátase dunha das organizacións que se puxeron en marcha no sistema nacional de saúde, baixo a fórmula xurídica de empresa pública autonómica, co obxectivo de mellorar os rendementos e controlar os custos da actividade asistencial e garantir a súa sustentabilidade, sen renunciar aos principios básicos de universalidade, equidade e gratuidade da asistencia sanitaria.

De conformidade co previsto no artigo 1 dos seus estatutos, Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. é un medio propio personificado respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico para a execución das actividades que lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social.

Os obxectivos para o ano 2021 son:

- Posta en marcha dun laboratorio para o desenvolvemento de técnicas de inmunoterapia celular avanzada, o primeiro en Galicia nun campo punteiro dentro da biotecnoloxía.
- Avanzar no proxecto para a prestación dun servizo de carácter transversal destinado ao desenvolvemento dun sistema de xestión integral de probas de imaxe entre os distintos centros hospitalarios do sistema público.

- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito do diagnóstico por imaxe, con equipos de resonancia magnética móbiles da máis avanzada tecnoloxía.
- Satisfacer a demanda asistencial no ámbito da medicina nuclear (tanto tradicional como PET).
- Producir e subministrar radiofármacos aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de diagnóstico PET a través da unidade de radiofármacos e en concreto Fludesoxiglicosa marcada con flúor 18 (FDG) e 18 F Colina.
- Colaborar, en proporción a súa participación empresarial, no subministro de radiofármacos convencionais a todas as unidades de medicina nuclear de Galicia.
- Levar a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación dunha gran parte das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia a través dos seu Servizo de Radiofísica e da súa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR).
- Proporcionar servizos de protección radiolóxica e física médica aos servizos do Sergas que contan con instalacións médicas que empregan radiacións ionizante.
- Proporcionar asistencia sanitaria a través de unidades de alta tecnoloxía e alta especialización: no ámbito da Oncoloxía Radioterápica para todo o Sur de Galicia mediante a súa unidade do Hospital do Meixoeiro de Vigo; en Diagnóstico por Imaxe, con especialización en resonancia magnética, nos Hospitais do Meixoeiro e Álvaro Cunqueiro de Vigo e en toda a Comunidade mediante as súas unidades móbiles; no eido da Medicina Nuclear convencional, por medio de unidades instaladas no Hospital Santa María Nai de Ourense e no Hospital do Meixoeiro de Vigo e no PET-TC, para toda a zona sur de Galicia mediante a súa unidade situada tamén neste último centro.
- Proporcionar asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de adquisición de equipamentos de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans funcionais e dotación integral do equipamento de centros hospitalarios e de atención primaria a través da súa división de Consultoría e colaborando na oficina de seguimento da Central de Compras do Servizo Galego de Saúde.
- Continuar coa xestión da plataforma multiservizo "Saúde en Liña", na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia.
- Realizar os cambios necesarios na organización para manter en 2021 a certificación de calidade ISO 9001/2015.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) ten como obxectivo fundacional garantir a equidade no acceso as probas xenéticas de todos os galegos, atendendo de igual xeito a toda a poboación. Practicamente desde a súa creación é un centro de referencia a nivel

nacional e un modelo a nivel organizativo, sendo o centro público de maior capacidade e nivel diagnóstico do país.

En base aos seus obxectivos, a FPGMX ofrece servizos de máxima calidade, investiga, innova e participa na formación de novos profesionais, co selo da ética e a humanidade.

Os seus obxectivos estratéxicos para o ano 2021 son:

- Satisfacer a demanda asistencial para a realización de probas xenéticas no Sergas, a través dunha adaptación continua da carteira da fundación ás necesidades da actividade asistencial.
- Compromiso coa calidade e mellora continua, completando os cambios necesarios na organización e a implantación dos requirimentos de cara a acreditación baixo a "Norma ISO 15189 laboratorios clínicos, requisitos particulares para a calidade e competencia".
- Integración e coordinación cos sistemas de xestión da información do Sergas, consolidando a implantación da sistemática para satisfacer a crecente demanda de asesoramento xenético inherente a realización de probas xenéticas.
- Desenvolver o plan de sistemas de información e completar a implantación da petición electrónica en tódolos hospitais, mellorando a solicitude de probas diagnósticas, a traza-bilidade e comunicación cos solicitantes.
- Realizar un programa de visibilización, para mellorar o nivel de coñecemento entre os profesionais do Sergas así como establecer canles de comunicación mais fluídas, prover información e coñecementos á cidadanía e continuar a difusión das actividades relacionadas coa xenómica, así como as actividades, programas, logros e avances, realizados pola fundación.
- Xestión do coñecemento, investigación e innovación, colaborando na formación dos profesionais no eido da diagnose xenética, a través de programas formativos, reforzando as relacións de colaboración con outros centros e institucións e promovendo o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes, tanto no eido clínico coma no da investigación molecular.
- Xestión eficiente de persoas e recursos a través da actualización do contrato programa e da elaboración dun plan estratéxico de recursos humanos que fomente o traballo en equipos multidisciplinares, integrados por profesionais necesarios para o desenvolvemento de proxectos e traballos na xenómica.
- Continuar a colaboración co Rexistro Galego de Pacientes con Enfermidades Raras (RERGA).
- Elaborar guías, procedementos e recomendacións dirixidos aos profesionais, sobre a aplicación das técnicas e recursos de axuda a pacientes e as súas familias.

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é unha entidade sen ánimo de lucro, de competencia autonómica, con personalidade xurídica propia e inscrita, segundo a Orde do 5 de outubro de 1999, no rexistro de Fundacións de Interese Galego. Foi creada o 4 de decembro do ano 1995 pola Xunta Galicia, ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urxencias sanitarias. O Padroado é o órgano de goberno superior da Fundación, que asume o seu control e representación.

A principal actividade da fundación consiste na atención e coordinación das urxencias e emerxencias sanitarias extrahospitalarias. Presta servizos sanitarios sen e con mobilización de recursos: información sanitaria, consulta e consello médico, asesoría a profesionais de atención primaria, asistencia ás urxencias e emerxencias no ámbito extrahospitalario, transporte sanitario urxente, transporte secundario urxente, apoio a transplantes, dispositivos de risco previsible e coordinación da visita domiciliaria.

A fundación ten como obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultaría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e de urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

A súa misión é ofrecer á cidadanía a solución inmediata mais adecuada ao seu problema de saúde e, o seu obxectivo, liderar a atención á urxencia e á emerxencia sanitaria extrahospitalaria en Galicia.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 actualmente está integrada por: unha Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias-061 (CCUSG-061), situada na Estrada; 12 bases asistenciais de soporte vital avanzado situadas nas principais cidades galegas (dúas na cidade de A Coruña e unha en cada unha das seguintes cidades: Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Monforte, Salnés, Mos e Foz) e; dúas bases de helicópteros medicalizados en Ourense e Santiago de Compostela.

Tamén conta cun centro de formación en medicina de urxencias, emerxencias e catástrofes, sito no Monte do Gozo en Santiago de Compostela.

Ademais a fundación conta con 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico (ASVB) e dúas ambulancias convencionais (AC) que garanten a cobertura sanitaria de toda a comunidade galega.

Unha vez formalizados a finais de 2019 os contratos administrativos de prestación do servizo de transporte terrestre sanitario urxente, a cobertura sanitaria da FPUSG-061 incrementouse coa incorporación dos seguintes recursos, en relación aos servizos prestados no contrato anterior:

- 1 ASVB no Carballiño.
- 2 ASVA (ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado) en Monforte e no Salnés.
- 4 ASVAE (ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con enfermería) na Coruña, Pontevedra, Vigo e Santiago.
- Ampliación horaria (de 16 a 24 horas) de la ASVB de Marín.
- Ampliación horaria (de 10 a 24 horas) das AC (ambulancias convencionais) do Folgozo do Caurel e Pedrafita do Cebreiro.
- Ampliación horaria das bases establecidas en Baiona e Pontearreas ata as 24 horas o día.

As principais liñas de actuación desta fundación para 2021 son:

- Colaboración con xestores de chamadas externos na pandemia COVID-19 (liña 900, central de seguimento de contactos).
- Implementación de melloras tecnolóxicas no tratamento das chamadas telefónicas.
- Novo deseño de recrutamento de pacientes dos programas (alerta corazón, alerta escolar...).
- Posta en marcha da Guía de mobilización de recursos e da Guía de consultoría telefónica.
- Incremento da colaboración con hospitais. Códigos asistenciais en patoloxías tempo-dependentes (código Trauma).
- Desenvolvemento do transporte crítico interhospitalario.
- Desenvolvemento de procedementos asistenciais en novos recursos (Soporte Vital Avanzado Enfermeiro).
- Dispositivo Xacobeo 2021 (segundo evolución da pandemia).
- Plan de formación en urxencias e emerxencias extrahospitalarias (interno e externo).
- Optimizar o rexistro autonómico de DESAs (desfibriladores semiautomáticos) externos.
- Difusión do proceso asistencial en incidentes de múltiples vítimas.
- Implantación da facturación electrónica e avance na tramitación electrónica dos expedientes e nas comunicacións con terceiros.
- Desenvolvemento dos seus programas asistenciais máis relevantes:
 - Programa PROGALIAM. Programa de atención ao infarto agudo de miocardio.
 - Programa Alerta Corazón. Programa que ten por obxectivo facilitar a atención urxente daqueles pacientes que teñen patoloxía cardíaca grave.
 - Programa de Desfibrilación Externa Semiautomática (DESA). O programa ten por obxecto facilitar a desfibrilación precoz nos casos de parada cardíaca.

- Programa Acougo. Este programa baséase na intervención coordinada de recursos entre distintos niveis asistenciais ou institucións para prestar unha atención rápida e integrada aos cidadáns que sofren unha crise psiquiátrica.
- Programa Alerta Escolar. Programa que se centra en achegar, de forma coordinada co profesorado, unha atención sanitaria inmediata e eficaz aos nenos escolarizados de entre 0-16 anos que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación.
- Plan Ictus. Programa de asistencia ao ictus en Galicia, ten como finalidade prestar unha atención coordinada e de calidade ao ictus.
- Código Anafilaxia: co obxectivo de axilizar o tratamento dos doentes alérxicos da comunidade galega.
- Código Dispnea: coordina o ingreso hospitalario de pacientes con patoloxía respiratoria descompensada.

FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA

Esta fundación ten como obxectivo xeral a prestación de servizos especializados de oftalmoloxía cunha carteira de servizos onde se inclúen programas de apoio ós servizos do Sergas tanto no que se refire ás exploracións diagnósticas coma a tratamentos específicos que completan a asistencia hospitalaria.

Leva a cabo tanto actividades asistenciais, asignadas a través dun contrato programa co Servizo Galego de Saúde, como actividades de prezo público ou apoio clínico aos programas de investigación.

Os seus obxectivos prioritarios para 2021 son:

- Manter a oferta de atención especializada naquelas actividades coordinadas cos servizos hospitalarios da rede pública de Galicia a través da súa carteira de servizos.
- Promover o desenvolvemento dunha oftalmoloxía de calidade con especial atención á demanda asistencial actual en Galicia promovendo programas onde xa exista experiencia e infraestrutura que respondan a unha demanda crecente da poboación asistencial.
- Contribuír, a través de programas de consultas oftalmolóxicas e cirurxía, á diminución da lista de espera de oftalmoloxía na área de Santiago de Compostela.
- Manter e elevar a calidade dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da atención sanitaria en oftalmoloxía.
- Realizar unha oferta formativa continua para os seus equipos humanos manténdoo actualizados e integrados.
- Garantir o acceso da cidadanía á súa carteira de servizos, en condicións de equidade, cumprindo os criterios de seguridade, eficiencia e efectividade.

- Continuar co compromiso de excelencia na xestión mellorando a xestión eficiente de recursos públicos.
- Continuar coa adaptación ao sistema de administración electrónica de Galicia.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

É o programa de soporte xeral dos servizos xerais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así coma nas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Este programa ten carácter universal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. A poboación protexida que se beneficia dos avances das novas tecnoloxías aplicadas ao ámbito da saúde.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Lei 14/1986, do 25 do abril, xeral de sanidade.

Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Facer real e efectiva a proximidade dos servizos e prestacións sanitarias aos pacientes, a continuidade asistencial, a humanización dos servizos sanitarios e a confianza dos doentes no servizo público de saúde.

Aumentar a eficiencia na utilización de todos os recursos sanitarios.

Incorporar liñas innovadoras na xestión e na provisión da asistencia sanitaria pública.

Mellorar os sistemas de información como potente ferramenta para a continua avaliación de resultados na organización e autoxestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

É un programa transversal dende o punto de vista da perspectiva de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Está dirixido a toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consellería de Sanidade:

- 1201 Secretaría Xeral Técnica
- Servizo Galego de Saúde
- 5001 Servizos Centrais

III.1.2. PROGRAMA 412A E 412B - ATENCIÓN HOSPITALARIA E ATENCIÓN PRIMARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Ámbolos dous programas comprenden aquelas actividades asistenciais e de xestión de servizos xerais nos centros hospitalarios e de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, así como nos centros concertados para dar resposta efectiva ás necesidades da cidadanía con calidade e garantías.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Nas sete áreas sanitarias, postas xa en funcionamento en toda Galicia, ámbolos dous programas xestiónanse de xeito conxunto e a súa finalidade á prestar asistencia sanitaria de xeito integral a toda a poboación protexida.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Estes programas teñen carácter universal; as actividades que se financian a través deles van dirixidas á consecución de obxectivos asistenciais que xiran arredor da mellor atención ao paciente, de calidade e seguridade, que redundan na mellora da saúde da poboación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2020 realiza unha análise da situación da asistencia sanitaria, identifica retos e oportunidades de mellora e constituíu a folia de ruta do Servizo Galego de Saúde para os anos 2016 a 2020. Os retos do futuro están centrados en potenciar as novas tecnoloxías e en perfeccionar a proximidade e a accesibilidade dos servizos e prestacións ao usuario, co obxectivo estratéxico de realizar un proceso de transformación e modernización cara aos retos do século XXI para seguir avanzando en novos fluxos de atención adaptados ás necesidades por patoloxías (procesos asistenciais integrados), vías para potenciar proximidade e accesibilidade, reforzo do investimento en innovación tecnolóxica e no ámbito dos profesionais a reordenación de categorías, mobilidade voluntaria e protección de riscos laborais.

As oportunidades que se identifican son:

- Achegar os servizos e prestacións aos pacientes, mellorando a accesibilidade e potenciando as tecnoloxías da información.
- Incorporar a humanización dos servizos nos centros do Servizo Galego de Saúde.
- Incorporar liñas novas e innovadoras.
- Aumentar a eficiencia na utilización dos recursos.
- Coidar aos profesionais do sistema sanitario público.
- Mellorar a continuidade asistencial garantindo unha asistencia integral.
- Potenciar a credibilidade das organizacións ante a cidadanía.
- Potenciar servizos sanitarios personalizados, achegándoos o máis posible ao paciente (domicilio).

- Mellorar a estandarización da práctica clínica; mellorar os sistemas de información.
- A vixilancia, prevención e control da infección.

Esta estratexia recolle catro eixos estratéxicos e máis de 123 liñas de actuación. Os obxectivos estratéxicos son:

- EIXO 1: Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores.
- EIXO 2: Profesionais comprometidos e coidados pola organización.
- EIXO 3: Xestión eficiente que contribúa á sustentabilidade do sistema sanitario.
- EIXO 4: Infraestruturas, equipamentos sanitarios e sistemas de información adaptados ás necesidades de pacientes e profesionais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Estratexia Sergas 2020: mellorar a saúde da cidadanía.

Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas e se crean as estruturas organizativas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela.

Decreto 162/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Pontevedra e O Salnés.

Decreto 163/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Decreto 193/2010, do 18 de novembro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.

Decreto 46/2013, do 7 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo.

Decreto 55/2013, do 21 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia de Órganos, Sangue e Tecidos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar:

- Continuar coa adopción de medidas que permitan garantir os obxectivos de tempos de espera xa acadados, en enfermos con sospeita de cancro ou patoloxías graves, tanto para o seu diagnóstico (vías rápidas) como para o seu tratamento (prioridade I).
- Desenvolver e actualizar procesos asistenciais integrados.
- Impulsar o modelo de xestión de enfermidades crónicas: a definición do Plan galego de atención á cronicidade e o proceso asistencial integrado do paciente crónico complexo, como paso seguinte.
- Seguir consolidando as vías rápidas de atención, e seguir coa implantación das garantías de atención sanitaria (intervencións cirúrxicas, probas e consulta).
- A vixilancia, prevención e control da infección: Comisión galega de enfermidades infecciosas e política antibiótica, código Sepsis, programas PROA (programas de optimización de uso de antibióticos), etc.
- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliar e a atención non presencial co fin de achegar todos os recursos, tanto materiais como humanos, aos pacientes.
- Potenciar o traballo en rede, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías, para maior eficiencia.
- Prestar programas sanitarios específicos con necesidades diferenciadas como son os pacientes anciáns, nenos, a muller e a saúde mental.
- Mellorar a información e o acceso da cidadanía ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Seguir incorporando novos servizos no Centro de Servizos Sanitarios Multicanle e de relación paciente-administración sanitaria como é o canal É-Saúde.
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables, como o programa “xente con vida”.
- Manter a implantación da receita electrónica en todos os centros sanitarios e a súa interoperabilidade no resto do SNS.
- Continuar cos programas de bo uso dos medicamentos e continuar xestionando os recursos farmacoterapéuticos dispoñibles de forma eficiente, potenciando a prescrición de medicamentos xenéricos e biosimilares.

- Ampliar o programa de atención ao paciente polimedicado e seguir facilitando información aos profesionais a través da unidade de apoio á prescrición con incorporación de novos servizos.
- Continuar co programa de atención farmacéutica ás residencias de maiores e residencias de discapacitados a través do servizo de farmacia dos hospitais da rede, co apoio dos farmacéuticos de atención primaria.
- Realización de concursos de compras centralizadas de produtos sanitarios, produtos farmacéuticos, produtos non sanitarios e servizos.
- Potenciar a xestión eficiente e o uso adecuado do transporte sanitario e prestación ortoprotésica.
- Continuar cos programas de seguridade do paciente.
- Potenciar a utilización da historia clínica en todos os eidos de traballo e continuar incorporando novas funcionalidades.
- Aposta polas novas tecnoloxías que faciliten o traballo dos nosos profesionais e ao mesmo tempo a accesibilidade dos nosos pacientes.
- Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible, para mellorar a asistencia prestada á cidadanía e o contorno de traballo dos profesionais.
- Seguir incorporando equipamento tecnolóxico punteiro e modernizar ou renovar as infraestruturas sanitarias (tanto centros de saúde como hospitais).
- Continuar coa integración dos valores sociais, medioambientais e de sustentabilidade económica de acordo cos criterios xerais internacionais, seguir mellorando a cualificación enerxética dos edificios e potenciando o uso de enerxías renovables, alumado máis eficiente, mellora das envolventes de edificios e aproveitar os recursos naturais como a biomasa.
- Asignación dos recursos necesarios para facer fronte a crise sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, que orixinou unha pandemia a nivel mundial, así declarada pola Organización Mundial da Saúde.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral, as persoas beneficiarias deste programa son a totalidade da poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

- 5001 Servizos Centrais
- 1501 Área Sanitaria de A Coruña e Cee
- 1505 Área Sanitaria de Ferrol
- 1571 Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza
- 2701 Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos
- 3201 Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras
- 3601 Área Sanitaria de Vigo
- 3603 Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Axencia Galega do Sangue, Órganos e Tecidos

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

III.1.3. PROGRAMA 413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA:

A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da súa detección precoz, a identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores. Para todo isto impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, vixilancia e control, sanción, elaboración de normativa de protección da saúde e actividades de detección precoz poboacional. É tamén o programa soporte dos servizos administrativos das xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e da promoción de hábitos e estilos de vida saudables e a súa detección precoz.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas ao total da poboación galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Dirección Xeral de Saúde Pública ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación de Galicia, diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da súa detección precoz, a identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores.

Para isto, é preciso continuar co mantemento e actualización dos programas que se veñen levando a cabo, nos ámbitos da promoción de estilos de vida saudable, da prevención de enfermidades transmisibles, dos programas de cribado poboacional, dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica e dos programas de vixilancia epidemiolóxica.

Relación dos principais problemas ou carencias que se teñen que afrontar:

- É necesario fortalecer a coordinación e os recursos asistenciais para manter e mellorar os programas de detección precoz de cancro colorrectal e de cancro de mama e os programas de detección precoz da hipoacusia neonatal e de enfermidades metabólicas.
- É preciso reforzar os programas de protección e promoción da saúde, en particular con aqueles orientados á prevención das enfermidades crónicas e os seus determinantes, con especial fincapé nos estilos de vida saudables.

- Actuar sobre os problemas de saúde que ocasiona o consumo de alcohol e outras adicións sen sustancia (uso problemático de novas tecnoloxías e práctica de xogo) en menores.
- Son necesarias melloras no programa de detección de metabolopatías para mellorar a súa calidade.
- É necesario manter o sistema de vixilancia entomolóxica para responder os retos que a introdución de novos vectores de enfermidades poden orixinar á poboación galega.

A situación á que se quere chegar é a seguinte:

- Manter e actualizar os programas de protección e promoción da saúde que se veñen levando a cabo:
- Programas de vacinación, tanto infantil como de adultos, de control de tuberculose e de prevención das infeccións de transmisión sexual, incluíndo o VIH/SIDA.
- Programas de promoción de estilos de vida saudable, como eixe da loita contra as enfermidades crónicas.
- Mantemento e mellora da eficiencia e a efectividade dos programas de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e protección radiolóxica, cunha adaptación constante aos cambios normativos e ás esixencias establecidas nos órganos de consenso a nivel nacional e europeo.
- Mellora e constante actualización da carteira de servizos do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia como soporte esencial aos programas de control oficial en materia de seguridade alimentaria, sanidade ambiental e investigación de abrochos.
- Programa de sistema de información de saúde pública.
- Intervir sobre o consumo de alcohol en menores e sobre adicións comportamentais a través de actuacións intersectoriais que impliquen a todos os actores que poidan influír de xeito directo ou indirecto, con especial fincapé na prevención no ámbito familiar.
- Realización da enquisa quinquenal de saúde bucodental, seguindo as indicacións da Organización Mundial da Saúde (OMS), para monitorizar a evolución dos índices do estado de saúde bucodental dos escolares de 6 e 12 anos de Galicia, cara a consecución dos obxectivos OMS 2020.
- Manter a cobertura e a calidade dos programas poboacionais de cribado. Necesidade de mantemento e impulso da rede de aerobioloxía de Galicia, como pilar básico para un mellor diagnóstico e tratamento da alerxia, así como unha ferramenta básica no eido da prevención.
- Programa de vixilancia entomolóxica para a detección e seguimento de vectores posibles transmisores de novas enfermidades como a Febre do Nilo, o chikungunya, a zica, a febre hemorráxica de Crimea Congo...
- Hai que reforzar o Rexistro Galego de Tumores para vixiar novos cancros como colo-rectal, cérvix ou os tumores infantís.

- Hai que desenvolver unha nova enquisa de seroprevalencia para obter datos do seu estado de protección fronte a unha serie de enfermidades infecciosas coma o sarampelo, a rubéola, a parotidite, a hepatite A, a difteria, o tétanos, entre outras.
- Fomentar e impulsar estratexias encamiñadas a diminuír a exposición da poboación ao radon.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre drogas.

Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Regulamento CE 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal.

Regulamento CE 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Saúde Pública é o centro directivo encargado da promoción e protección da saúde da poboación galega.

As principais actividades nestes ámbitos de actuación son as seguintes:

- A promoción de estilos de vida saudables, e a realización de actividades de prevención e control de enfermidades non transmisibles.
- O fomento de actividades de prevención e control de trastornos aditivos e, en xeral, o desenvolvemento do plan neste ámbito.
- A detección precoz de enfermidades mediante os programas de cribado poboacional aprobados e financiados.

- A xestión dos sistemas de información da saúde pública e a vixilancia e control mediante a coordinación do sistema de alerta epidemiolóxica de Galicia.
- O fomento de actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA.
- As actividades programadas e financiadas do programa galego de vacinacións.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos e o seguimento da Rede de alerta alimentaria.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos ambientais específicos.
- O exercicio das funcións de protección radiolóxica.
- A coordinación e control da rede de laboratorios de saúde pública.
- A coordinación e apoio nos diferentes ámbitos da xestión ás unidades centrais e periféricas que conforman a área de saúde pública.

Dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde as finalidades deste programa son as seguintes:

- Actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias, mellorando e ampliando os recursos de incorporación social de drogodependentes e reforzando a rede asistencial de drogodependencias.
- Mellorar a eficiencia dos recursos socio sanitarios para aqueles enfermos, xeralmente crónicos, que polas súas características se benefician de actuacións sinérxicas para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións e facilitar a súa reinserción social e laboral.
- Atención á saúde mental desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psioxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.
- Establecer unha completa coordinación e circuitos cos outros niveis asistenciais e integración funcional completa das redes de asistencia a patoloxías mentais e a trastornos aditivos de igual forma que se presta atención dende o Sergas aos outros trastornos da saúde.
- Completar o mapa de recursos asistenciais e de reinserción social de acordo cos plans estratéxicos.
- Integrar dentro da rede do Servizo Galego de Saúde a prestación da asistencia sanitaria e consulta aos enfermos con estas patoloxías.
- Coordinar a través da atención pública mediante convenios, concertos ou outro tipo de relación xurídica con outras entidades, as prestacións de atencións de media ou longa estancia de pacientes crónicos.
- Fomentar a formación dos profesionais sanitarios nestas patoloxías.
- Impulsar estudos para detectar carencias e necesidades de abordaxe terapéutico e de recursos para mellorar a atención sanitaria a estes pacientes.

- Impulsar o desenvolvemento da atención sociosanitaria, a través do desenvolvemento do plan estratéxico e en coordinación cos servizos sociais.
- Establecer unha completa e axeitada coordinación entre todos os recursos sociais que atenden a colectivos de perfil sociosanitario e os recursos sanitarios.
- Definir e optimizar os recursos sociosanitarios actualmente dispoñibles.
- Homoxeneizar a continuidade de coidados nos doentes de perfil sociosanitario institucionalizados e non institucionalizados.
- Impulsar o uso das novas tecnoloxías na coordinación asistencial e de coidados nos doentes de perfil sociosanitario e como medio de comunicación cos pacientes e para prestar novos servizos.
- A avaliación das prestacións sanitarias para o seu financiamento polo SNS e a avaliación de novos procedementos e técnicas para a súa incorporación á rede pública sanitaria.
- A avaliación de tecnoloxías sanitarias antes da súa introdución.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
